

## TEMA 14: II CLAVES DO REXURDIMENTO. OS PRECURSORES

### 1. CLAVES DO REXURDIMENTO

Rexurdimento: período que abrangue boa parte do século XIX e que se caracteriza por dous fenómenos íntimamente relacionados:

- a) A recuperación da escrita literaria do galego (dignificación como lingua e a recuperación e ampliación social dos seus usos).
- b) A aparición dun movemento político-ideolóxico (Provincialismo, Rexionalismo e Nacionalismo) reivindicador da personalidade colectiva galega.

### 1.2. OBXECTIVOS DO REXURDIMENTO

a) Mudar a consideración negativa con respecto ao uso e ás calidades do idioma galego:

- argumentos de prextixio=orixe latina, o rei Sabio...
- argumentos de utilidade=lingua maioritaria, lusofonía...
- argumentos de identidade= vínculo cos devanceiros...

b) Ampliar os ámbitos de uso do idioma galego (literatura, prensa periódica, reivindicación no ensino, vida oficial e eclesiástica).

c) Estudar e depurar o idioma galego. Primeiras gramáticas e diccionario (Saco e Arce, Marcial Valladares).

d) Reivindicar o pasado histórico.

### 2. OS PRECURSORES DO REXURDIMENTO

*Álbum de la Caridad* (1862), volume que recolle os textos presentados aos “Xogos Florais” da Coruña de 1861. Primeira antoloxía do Rexurdimento.

-**Antonio Benito Fandiño**: autor de *A casamenteira*, escrita en 1812 mais publicada en 1849. Pequena obra de teatro en versos octosílabos, presentada como “sainete en gallego para cuatro personas” e dividida en tres cadros, cun total de 16 escenas. Trata o tema dos casamentos amañados ou por interese, para denunciar o papel das “casamenteiras”.

-**Nicomedes Pastor Díaz**: autor do poema de temática amorosa “A alborada”, escrito en 1828 e composto por dezaseis estancias de seis versos hendecasílabos e heptasílabos. No 1951 descubriuse outro poema seu, “Égloga. Belmiro e Benigno”, protagonizado por dous pastores que dialogan sobre as súas tristuras de amor.

-**Alberto Camino**: compuxo vilancicos para o Hospicio compostelán e poemas románticos e elexíacos (“Nai chorosa” e “O desconsolo”). Tamén escribiu poemas costumistas e de circunstancias.

-**Francisco Añón Paz**: participou na revolución galega de 186. Galardoado nos “Xogos Florais” coruñeses en 1861 polo poema “A Galicia”.

-**Xoán Manuel Pintos**: autor de *A gaita gallega* (1853). Obra dividida en sete “foliadas”, en prosa e verso, con fragmentos en castelán, galego e latín, foi concibida como un método de aprendizaxe e exaltación do galego. Dous personaxes, o gaitero galego e o tamborileiro foráneo, van dialogando e reflexionando sobre as características gramaticais do galego, a súa fonética...

-**Antonio e Francisco M<sup>a</sup> de la Iglesia**: o primeiro foi o organizador dos “Xogos Florais” da Coruña de 1861. O segundo, fundador do xornal *Diario de Galicia*, foi un dos poetas en galego anteriores a Rosalía máis prolíficos e variados. Escribiu *A fonte do xuramento* (1882), peza considerada inaugural do teatro galego moderno.

-**Outros precursores**: Benito Vicceto, Vicente Turnes, Xosé Bieito Amado Boullosa, Xosé M<sup>a</sup> Posada, Xosé García Mosquera, Antonio Fernández Morales...

Imaxe 1.- Portada de *A gaita gallega*



Fonte: [www.gl.wikipedia.org](http://www.gl.wikipedia.org)